

Consello de Contas
de Galicia



PLAN ANUAL DE TRABAJO PARA 2013

(Aprobado polo Pleno do 18 de decembro de 2012)

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	5
II. NORMATIVA APLICABLE.....	8
III. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS.....	10
IV. CONTIDO DO PLAN DE TRABALLO.....	11
1. ÁREA DE CONTA XERAL.....	11
I.- INTRODUCCIÓN.....	11
II. ALCANCE DAS ACTUACIÓNS DE FISCALIZACIÓN.....	12
III. OBXECTIVOS.....	13
IV. DECLARACIÓN DEFINITIVA SOBRE A CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA.....	14
V. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.....	17
VI. INICIO DOS TRABALLOS DE FISCALIZACIÓN DA CONTA DA ADMINISTRACIÓN DE 2011.....	27
2. ÁREA DO SERGAS.....	28
I. INTRODUCCIÓN.....	28
II. ÁMBITO.....	28
III. PLAN DE ACTUACIÓN.....	30
3. ÁREA INSTITUCIONAL.....	37
1. INTRODUCCIÓN.....	37
2.- PROPOSTA DE ACTUACIÓN.....	38
4. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL.....	44
I. COMPETENCIA E ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN.....	44
II. PROPOSTAS DE FISCALIZACION.....	45
5.- ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS.....	64
I. ASPECTOS LEGAIS DA FISCALIZACIÓN.....	64
II. ÁMBITO DE LA FISCALIZACIÓN.....	65
III. OBXECTIVOS E ALCANCE.....	67
IV. PLAN DE TRABALLO.....	70
V. OUTRAS ACTIVIDADES.....	70

I. INTRODUCCIÓN

As funcións e actividades a realizar polo órgano fiscalizador da Comunidade Autónoma, veñen fixadas pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia (en adiante LCCG), que no seu artigo primeiro establece que o Consello de Contas como órgano de fiscalización das contas e da xestión económico financeira e contable, exercerá as súas funcións en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma, quedando definido o sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, aos efectos desta lei, no artigo 2 da mesma, da seguinte forma:

- a) A Administración autonómica e os seus organismos autónomos.
- b) As entidades locais e os seus organismos autónomos, así como as empresas públicas dependentes delas, no ámbito competencial das institucións de autogoberno.
- c) As empresas públicas, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes da Administración autonómica.
- d) As Corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O artigo 4 determina que son funcións do Consello de Contas:

- a) Fiscalizar a actividade económico-financeira do sector público de Galicia, velando para que se axuste ao ordenamento xurídico e ao principio de racionalidade, determinada por criterios de eficiencia e economía.
- b) Fiscalizar as subvencións, os créditos e as axudas con cargo aos orzamentos dos entes públicos galegos, así como os avais e exencións fiscais directas e persoais, concedidas por aqueles entes, xa sexan percibidas por persoas físicas ou xurídicas.
- c) Fiscalizar os contratos celebrados pola Administración Autonómica e outros entes do sector público de Galicia nos casos en que se estableza así ou que o Consello de Contas o considere conveniente.
- d) Fiscalizar a situación e as variacións do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entes públicos galegos.

Plan anual de traballo para 2013

- e) Fiscalizar os créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as incorporacións, ampliacións, transferencias e demais modificacións dos créditos orzamentarios galegos.
- f) Emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico- financeira lle soliciten as institucións e os entes públicos galegos.
- g) Analizar a utilización dos recursos dispoñibles atendendo ao menor custo na realización do gasto e formular as propostas tendentes a mellorar os servizos prestados polo sector público de Galicia.
- h) Fiscalizar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos nos diversos programas orzamentarios e nas memorias das subvencións, créditos, axudas e dos avais, e indicar, no seu caso, as causas de incumprimento.

Así mesmo, o artigo segundo do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia precisa que o Consello de Contas poderá actuar por delegación do Tribunal de Contas. Neste caso, axustará a súa actuación aos termos nos que se produza a devandita delegación, seguindo as normas e os procedementos que rexen para o dito Tribunal, sen prexuízo de que se apliquen as que lle son propias de forma subsidiaria. Así mesmo, o Consello de Contas practicará cantas actuacións fiscalizadoras lle sexan delegadas polos órganos de control externo da Comunidade Económica Europea, de conformidade coa lexislación que fose aplicable.

Por outra banda, o artigo 24.1 da LCCG establece que o exercicio da función fiscalizadora do Consello de Contas impulsárase de oficio en todos os seus trámites e que a iniciativa corresponde ao propio Consello e ao Parlamento de Galicia.

É unha competencia do Pleno do Consello, atribuída polo Regulamento de réxime interior no seu artigo 8, exercer a función fiscalizadora de acordo co disposto na Lei e aprobar o plan anual de traballo e actuacións.

Por outra parte o artigo 63.1 do Regulamento establece que o resultado da función da fiscalización do Consello de Contas farase constar por medio da memoria e informe anual, os informes de fiscalización selectiva ou memorias ordinarias e extraordinarias, as mocións e as notas.

Así mesmo, o apartado 3 de dito artigo establece que os informes de fiscalización selectiva ou memorias ordinarias ou extraordinarias son os instrumentos nos que se materializa o resultado dun procedemento fiscalizador tramitado a solicitude do Parlamento ou a iniciativa do propio Consello.

Deste xeito, o órgano fiscalizador pode levar a cabo a súa actividade a través de informes selectivos de fiscalización, que se poden atopar dentro dos obxectivos fixados no presente plan de traballo para o exercicio 2013.

Por outra banda, hai que destacar que este plan comprende as actuacións a realizar polas cinco áreas de fiscalización:

- Conta Xeral
- SERGAS
- Institucional
- Coordinación Xeral
- Corporacións Locais

O traballo planificarase e realizarase, de acordo cos obxectivos elaborados por cada área, co fin de obter evidencia suficiente e axeitada para poder emitir unha opinión ou conclusión sobre os aspectos detallados no artigo 4 da Lei 6/1985.

O traballo levarase a cabo conforme aos Principios e Normas de Auditoría do Sector Público elaboradas pola Comisión de Coordinación dos Órganos Públicos de Control Externo do Estado Español. En consecuencia, en determinados casos, non se inclúe unha revisión detallada de todos os aspectos susceptibles de exame, senón que se utilizarán diferentes técnicas de mostraxe en función dos obxectivos perseguidos.

As tarefas que se programan neste Plan de Traballo darán lugar á documentación e memoria anual á que se refire a sección terceira da Lei 6/1985, nas que se recollerá o resultado das actividades fiscalizadas e proporanse, no seu caso, as medidas a adoptar para mellorar a xestión económico financeira do sector público de Galicia.

II. NORMATIVA APLICABLE

Para o exercicio da función fiscalizadora tomarase en consideración basicamente a seguinte normativa:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978.
- Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA).
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Cuentas.
- Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.
- Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia.
- Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia, do 17 de xullo de 1992.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Cuentas.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria.
- Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da anterior.

- Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011.
- Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de reguladora das facendas locais.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.
- Decreto 79/2009, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 83/2009, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.
- Decreto 82/2009, polo que se establecen os centros directivos dependentes da presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto 126/2006, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.
- Decreto 104/2006, polo que se regula a colaboración das entidades de crédito na recadación dos ingresos xestionados pola Consellería de Economía e Facenda.
- Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 1 de decembro de 1989 da Consellería de Economía e Facenda, que implanta o sistema de información contable na Administración autonómica (X.U.M.C.O.).
- Orde do 28 de novembro 2001, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se aproba o plan xeral de contabilidade pública de Galicia.
- Orde EHA/4040/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo básico de contabilidade local.
- Orde EHA/4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do modelo simplificado de contabilidade local.
- Orde do 19 de decembro de 2006, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se modifica a do 27 de xullo de 2000 sobre desenvolvemento da xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital.

Plan anual de traballo para 2013

- Orde do 13 de outubro de 2010, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2010.
- Orde do 29 de setembro de 2011, pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2011.
- Orde do 20 de decembro de 2007, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se autoriza ao Servizo Galego de Saúde a levar a súa propia contabilidade.

III. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

O persoal efectivo destinado á realización das funcións de fiscalización, distribuído entre as distintas áreas, é o seguinte:

	Coordinación Xeral	Corporacións Locais	Institucional	SERGAS	Conta Xeral
Auditores/as	2	3	3	3	3
Técnicos/as Auditoría	4	5	3	4	4
Axudantes Auditoría	2	2	3	3	2
Auxiliares Administrativos/as	1	4	1	1	1
Secretarios/as	1	1	1	1	1

Neste exercicio, trala renovación das correspondentes licenzas, continuarase a empregar a ferramenta informática TEAMMATE para a documentación, arquivo e referencia de todos os programas, procedementos e papeis de traballo que se xeren polos equipos auditores, incorporándose ó mesmo igualmente, na medida do posible, a documentación recibida dos órganos xestores. Ademais, implantouse, como ferramenta de auditoría a aplicación BIRT ANALYTICS, manténdose a aplicación IDEA, ferramenta para análises de datos.

IV. CONTIDO DO PLAN DE TRABALLO

1. ÁREA DE CONTA XERAL

I.- INTRODUCCIÓN

De acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, as contas da Comunidade Autónoma réndense ante o Consello de Contas, e de conformidade coas funcións e criterios enunciados nos artigos 4 e 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, reguladora deste órgano estatutario, corresponde ó Consello de Contas o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma co obxectivo, entre outros, de ofrecer ó Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación.

O citado artigo 20 de dita lei sinala que o Consello de Contas elaborará e elevará ó Parlamento unha memoria anual, que comprenderá unha análise da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e se estenderá á fiscalización da xestión económica da Comunidade.

A Conta Xeral, de conformidade co artigo 118 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (en adiante TRLRFOG), comprende as contas da Administración da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos de carácter administrativo, industrial, comercial, financeiro ou análogo, das sociedades públicas e demais entes públicos, e a Conta do Patrimonio da Comunidade e dos seus organismos autónomos.

A Lei 3/2009, do 23 de xuño, de modificación do TRLRFOG, variou o ámbito subxectivo dos orzamentos pero non o da Conta Xeral, polo que na actualidade o perímetro dos orzamentos non se corresponde co da Conta. En calquera caso, a ampla definición legal dos documentos integrantes da Conta Xeral (artigo 118.1 d. do TRLRFOG, sobre a conta dos demais entes públicos) permite incluír na Conta Xeral as novas entidades integradas nos orzamentos -axencias, consorcios e fundacións do sector público— ata que se aproben as modificacións normativas

necesarias para corrixir esta diverxencia. De feito, a Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011, incorpora no perímetro orzamentario as fundacións e consorcios, e as contas destas entidades tamén se incorporan á Conta Xeral da Comunidade Autónoma do ano 2011.

II. ALCANCE DAS ACTUACIÓNS DE FISCALIZACIÓN

O **ámbito obxectivo** da fiscalización abrangue a revisión da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e dos distintos programas, así como os capítulos de ingresos e gastos contidos nos orzamentos da Administración xeral. *A Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprende tódalas operacións orzamentarias, patrimoniais e de tesourería levadas a cabo durante o exercicio*, e formarase con base nos estados e documentos que determine a Consellería de Facenda e, en particular, polos seguintes:

- 1.- A liquidación do orzamento, especificando os créditos iniciais e as súas modificacións, así como a liquidación dos estados de ingresos e gastos nas súas distintas fases de xestión orzamentaria.
- 2.- Un estado demostrativo dos compromisos de gasto adquiridos con cargo a exercicios futuros.
- 3.- Un estado demostrativo da evolución e situación dos valores que se deben cobrar e das obrigas que se deben pagar procedentes de exercicios anteriores.
- 4.- A Conta Xeral de Tesourería, que poña de manifesto a súa situación e as operacións realizadas durante o exercicio.
- 5.- A Conta Xeral do endebedamento público.
- 6.- O resultado do exercicio económico, que recollerá a determinación do superávit ou déficit da liquidación do orzamento, o remanente de tesourería resultante, e a variación dos activos e pasivos financeiros.

Por outra parte, a documentación integrante da Conta Xeral da Comunidade presentarase, segundo o disposto na Orde do 28 de novembro de 2001, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, a través das Contas Anuais, que comprenden o balance, a conta do resultado patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser redactados con claridade e amosa-la imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do seu orzamento.

O **ámbito temporal** do programa de traballo comprende a actividade económico-financiera e orzamentaria desenvolvida durante o exercicio 2011, podendo estenderse ós antecedentes que orixinaran os feitos económicos revisados e ós feitos posteriores que garden relación coa actividade fiscalizada.

O **ámbito subjectivo** da fiscalización comprende a actividade económico-financiera e orzamentaria desenvolvida polos distintos centros e entidades que integran a Administración da Comunidade Autónoma.

III. OBXECTIVOS

De acordo coa Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, o obxectivo básico da análise e fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma consiste en ofrecer ó Parlamento de Galicia os elementos de xuízo necesarios e suficientes que lle permitan proceder de acordo co previsto no artigo 121.2 do TRLRFOG, que establece o seguinte: *“A Conta Xeral da Comunidade Autónoma deberá ser aprobada polo Parlamento de Galicia para efectos de dar cumprimento ó disposto na liña b) do artigo 10 do Estatuto de Autonomía”*.

A análise, comprobación e fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma realizarase contemplando os seguintes obxectivos :

1.- Análise de legalidade e regularidade da actividade económico-financeira, verificando que os actos, operacións e procedementos de xestión económica se realizaron de conformidade coa normativa aplicable.

2.- Análise da xestión económico-financeira, que comprenderá a verificación e comprobación da información que subministran a contabilidade, os estados e contas anuais e demais informes de xestión, que no seu conxunto deben expresar fielmente o resultado económico-patrimonial do exercicio, de acordo coas normas e principios contables xeralmente aceptados, e a súa adaptación á información que, de acordo coa normativa de aplicación, debe render a Administración xeral da Xunta de Galicia.

3.- Análise da adecuación da actividade económico-financeira da Administración ó principio de racionalidade, así como a avaliación da eficiencia no logro dos obxectivos previstos.

Ademais, como se ten sinalado, o obxectivo xeral dos traballos de fiscalización deberá permitir expresar unha opinión sobre o cumprimento da normativa vixente en materia de xestión de fondos públicos, sobre a racionalidade na execución do gasto baseada en criterios de economía, eficacia e eficiencia, e sobre o sometemento da documentación financeira presentada ós principios contables que resulten de aplicación. Verificarase a existencia dun control interno eficaz ó servizo do logro dos obxectivos previstos, da custodia dos recursos, do cumprimento das normas de aplicación e da obtención de información fiable.

IV. DECLARACIÓN DEFINITIVA SOBRE A CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Ámbito

A Conta Xeral da Comunidade Autónoma comprende tódalas operacións orzamentarias, patrimoniais e de tesourería levadas a cabo durante o exercicio, e está integrada pola conta da Administración xeral, as contas dos organismos autónomos, as contas das sociedades públicas e demais entes públicos e as do sector fundacional.

O **ámbito subxectivo** que integra o denominado sector público delimitase, con carácter xeral, para as Comunidades Autónomas, pola súa Administración e polos entes e organismos públicos dependentes daquela que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Respecto dos diferentes tipos de entidades que integran os orzamentos sectorizados da Comunidade Autónoma, cabe destacar dúas agrupacións básicas:

- *Entidades con orzamentos limitativos*: a Administración xeral, os organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas, e os consorcios do artigo 48.1.g. do TRLRFOG.
- *Entidades con orzamentos estimativos*: as sociedades públicas autonómicas formadas polos entes de dereito público e sociedades mercantís, e as fundacións do artigo 48.1.f. do TRLRFOG.

En función da regulamentación e ordenación normativa que establece a Comunidade Autónoma para as diferentes entidades, e dunha ordenación homoxénea a partir da análise do réxime orzamentario e contable que se desprende das contas rendidas polas entidades, delimitáanse os seguintes subsectores integrantes do Sector Público autonómico:

a) Subsector administrativo

Está integrado pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e polas entidades públicas sometidas preferentemente ó dereito público en canto ó seu réxime administrativo, contable e económico-financeiro. Os seus orzamentos teñen carácter limitativo e vinculante. O seu réxime contable réxese polos principios contables públicos, adecuando ademais as súas contas ó Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

b) Subsector sociedades públicas e entes de dereito público

Está constituído polas entidades públicas que se rexen polo dereito privado en canto ó seu réxime de organización e funcionamento. Os seus orzamentos teñen carácter estimativo. O seu réxime contable sométese ós principios e normas contidos no Plan Xeral de Contabilidade da

empresa privada, salvo os entes de dereito público cuxo referente básico é o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

c) Subsector fundacional

Está integrado polas entidades de natureza fundacional, e presentan un réxime similar ó previsto para o subsector sociedades públicas, con aplicación do réxime contable establecido nas adaptacións para as entidades sen fins de lucro do Plan Xeral de Contabilidade.

Declaración definitiva

O artigo 25 da Lei 6/1985, do Consello de Contas, sinala que *"O Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, procederá ó exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma dentro do prazo de 6 meses, a partir da data na que se rendese. O Pleno ditará a declaración definitiva que lle mereza para elevala ó Parlamento coa oportuna proposta, dando traslado á Xunta de Galicia, a cal deberá dispo-la publicación das conclusións no Diario Oficial de Galicia"*.

Consonte con este precepto, corresponde ó Consello de Contas ditar a Declaración definitiva sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma na que se exprese unha opinión sobre a representatividade xeral dos estados contables incluídos na mesma.

Ós efectos da declaración definitiva, a análise a desenvolver realizarase a partir dos resultados dos traballos de fiscalización da Conta da Administración xeral, da Conta do SERGAS, e das Contas das entidades da Administración institucional que realicen as áreas respectivas deste Consello de Contas. Para iso tomaranse en consideración os resultados dos traballos de fiscalización, levados a cabo segundo as previsións incluídas no Plan de Traballo do Consello de Contas para o exercicio 2013.

En calquera caso, de cara a emitir unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica do Sector Público autonómico, establécense os seguintes obxectivos xerais:

- ◆ Na medida en que sexa posible, abordarase unha análise das distintas formas organizativas que ten asumido a Administración xeral para a prestación dos diferentes servizos de xeito descentralizado, ós efectos de avaliar a racionalidade na asignación de recursos e programas ós diferentes departamentos administrativos e organismos autónomos, detectando posibles duplicidades, sobredotacións ou escasezas de medios en relación coas funcións, obxectivos e programas a desenvolver por cada un deles.
- ◆ A revisión formal das contas das diferentes entidades integrantes do subsector administrativo ós efectos de determinar o grao de cumprimento das normas e disposicións que lles son de aplicación no que se refire á formulación, aprobación e rendición das súas Contas Anuais, verificando se o contido das contas se axusta ó establecido nas normas de aplicación.
- ◆ A revisión dos estados de consolidación dos orzamentos das entidades que integran o subsector administrativo, analizando a súa situación económico-financeira a través da revisión das liquidacións dos orzamentos e dos seus estados financeiros, verificando a corrección das operacións de axuste das transferencias internas entre as distintas entidades, e analizando as principais magnitudes orzamentarias e financeiras consolidadas.
- ◆ Ós efectos de acadar unha visión global e completa do Sector Público autonómico no marco dos traballos de fiscalización da Conta Xeral da Administración autonómica, os resultados da revisión do subsector administrativo integraranse cos obtidos do exame do subsector de sociedades públicas e entes e do subsector fundacional.

V. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN

A planificación e realización dos traballos de fiscalización levaranse a cabo de acordo cos obxectivos descritos, a fin de obter as evidencias adecuadas e suficientes para poder emitir unha opinión sobre os aspectos descritos no artigo 4 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia.

O Plan de actuación consta dos seguintes traballos:

- V1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ó exercicio 2011. Declaración definitiva.
- V2. Informe de fiscalización do endebedamento autonómico e dos riscos derivados da concesión de avais e préstamos públicos.
- V3. Informe de fiscalización da contratación realizada polos centros e entidades da Comunidade Autónoma suxeitos á Lei de contratos do Sector Público.
- V4. Informe de fiscalización dos fondos aplicados polos beneficiarios das axudas á formación de ocupados.

V.1. Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ó exercicio 2011. Declaración definitiva

A fiscalización da Conta Xeral formúlase cos seguintes obxectivos:

- ◆ Determinar se se presentou de conformidade coas normas que lle son de aplicación no que respecta a prazos, estrutura e contido.
- ◆ Comprobar que as distintas contas parciais que a integran son coherentes entre si e tamén coa documentación complementaria e estados intermedios que serven de base para a súa formación.
- ◆ Determinar se se axusta ós principios e normas previstos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e ofrece a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido da Conta nos casos nos que se estime necesario.
- ◆ Comprobar se as contas anuais, estados e demais informes de xestión reflicten axeitadamente a situación financeira e patrimonial, o resultado económico-patrimonial do exercicio e a liquidación do orzamento.

Para o cumprimento dos obxectivos, esta fiscalización abranguerá os seguintes aspectos que servirán para estruturar os resultados do traballo:

- **Ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma e da súa liquidación**, que incluírá unha análise da información consolidada ou agregada do sector público autonómico ofrecida tanto na fase de elaboración como na liquidación dos orzamentos, ós efectos de ofrecer un coñecemento completo da actividade de todo o sector público autonómico.
- **Liquidación do orzamento**, realizándose unha análise dos gastos e ingresos orzamentarios, a fiscalización das modificacións orzamentarias realizadas no exercicio e do seu financiamento, e a análise do comportamento que tiveron as magnitudes que integran o sistema de financiamento autonómico.
- **Contabilidade económico-patrimonial**, que incluírá a fiscalización do balance de situación, a conta do resultado económico-patrimonial e a memoria da Administración xeral.
- **Magnitudes financeiras relevantes**, a través da fiscalización das magnitudes que reflicten a situación orzamentaria e financeira da Administración xeral e a consolidada cos seus organismos autónomos. As magnitudes a analizar serán o resultado orzamentario, o remanente de tesourería, a conta xeral de tesourería, o endebedamento e avais, e os compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros.
- **Conclusións e recomendacións e seguimento das recomendacións formuladas polo Consello de Contas**, que incluírá os principais resultados do traballo e as recomendacións e propostas de mellora, así como a revisión da implantación das recomendacións formuladas nos informes de exercicios anteriores.

Ademais, co alcance e os obxectivos que se determinan no apartado IV deste Programa de traballo, elaborárase a partir das contas da Administración xeral, da conta do SERGAS e das contas das entidades da Administración institucional a **Declaración definitiva** sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

V.2. Informe de fiscalización do endebedamento autonómico e dos riscos derivados da concesión de avais e préstamos públicos.

A recente evolución do endebedamento público da Comunidade Autónoma tense caracterizado por un importante incremento no seu volume, pasando de 3.954 millóns de euros a finais de 2008 a máis de 7.000 millóns a finais de 2011. Este aumento do endebedamento público prodúcese nun entorno de crise económica extremadamente difícil caracterizado por unha notable caída dos ingresos correntes e pola forte redución na capacidade de xeración de aforro público.

Ó mesmo tempo, o acceso ós mercados de capitais para a cubrición das necesidades de financiamento dos orzamentos públicos das Administracións autonómicas vólvese máis dificultoso a medida que a crise económica avanza, de xeito que se produce un notable incremento no custo do endebedamento tanto polo seu volume como polo endurecemento das súas condicións –aumento dos tipos de xuro, necesidade ou esixencia da subscrición de *swaps* sobre operacións–.

Como consecuencia do exposto, propónse a fiscalización selectiva da **área de endebedamento** da Comunidade Autónoma. O ámbito da fiscalización abarca os seguintes aspectos:

- Ós efectos de realizar unha análise global da evolución do endebedamento autonómico suscrito por parte da Administración xeral e demais entidades do sector público de Galicia, partírase da información dispoñible nos distintos rexistros públicos, abarcando o ámbito da fiscalización a totalidade das operacións de endebedamento da Administración autonómica.
- A presente fiscalización refírese ó exercicio 2011. Non obstante, cando os obxectivos establecidos o requiran, estenderase indistintamente ós distintos exercicios anteriores dos que traian causa os expedientes analizados, ou a feitos acontecidos con posterioridade que tivesen causalidade no exercicio fiscalizado.

- Os obxectivos xerais da fiscalización oriéntanse á verificación do cumprimento da normativa pública en materia de concertación de operacións de crédito, particularmente do cumprimento dos límites establecidos polas leis de orzamentos do Parlamento de Galicia, dos plans anuais de endebedamento acordados coa Secretaría de Estado de Hacienda y Presupuestos e da aplicación dos recursos do endebedamento ó financiamento de gastos de capital. Igualmente, comprobarase a adecuación dos sistemas de control, avaliación e seguimento das operacións de endebedamento vixentes.
- Os obxectivos específicos sobre os que incidirá o traballo son os seguintes:
 - a) Análise da organización administrativa, procedementos, sistemas, ferramentas e instrumentos para a xestión das operacións de endebedamento.
 - b) Análise da composición do endebedamento suscrito –número de operacións, volume, prazos de amortización e tipos de xuro– e da súa evolución ó longo do tempo.
 - c) Fiscalización individualizada de expedientes de concertación de operacións de endebedamento e de cobertura de riscos (swaps).

Xunto co incremento do endebedamento público da Comunidade autónoma producido nos últimos anos como consecuencia da necesidade do financiamento do déficit público, obsérvase tamén desde o exercicio 2008 un significativo aumento do risco vivo derivado da concesión de avais públicos por parte da Administración, téndose incrementado na Lei de orzamentos para o exercicio 2010 o límite máximo autorizado para a concesión de avais de 300 a 500 millóns de euros. A actual situación de crise económica e a súa previsible evolución a medio prazo incrementa as posibilidades de materialización efectiva dos riscos asumidos pola Tesourería da Comunidade Autónoma, que no seu caso se poden traducir na asunción de obrigas e pagamentos con cargo ós orzamentos autonómicos.

Ademais, a Administración vén concedendo –a través do IGAPE– préstamos ás empresas para o desenvolvemento de proxectos con investimentos en Galicia, dos que se poden derivar situacións

de impago por parte das empresas, que derivarían na asunción de perdas garantidas tamén en última instancia pola Tesourería da Comunidade Autónoma.

A proposta de fiscalización selectiva da **área de avais e préstamos** da Administración autonómica resposta á finalidade de profundar na análise da xestión e do control dos riscos derivados da concesión de avais e préstamos nun entorno económico especialmente complicado. Coa fiscalización dos avais e préstamos dáse cumprimento a unha das funcións que a Lei 6/1985, do 24 de xuño, atribúe ó Consello de Contas.

Nesta área os obxectivos xerais da fiscalización oriéntanse á verificación do cumprimento da normativa pública en materia de concesión de avais e préstamos, con singular atención á comprobación da adecuación dos sistemas de control, avaliación e seguimento dos riscos derivados para a Tesourería da Administración autonómica e da aplicación de criterios de racionalidade económica que aseguren o uso eficiente das garantías e dos recursos públicos e permitan a obtención de economías na xestión. É dun xeito específico, na análise do control e seguimento do risco vivo de avais e da devolución de préstamos, así como das dotacións de provisións por risco de insolvencia e da súa suficiencia.

Tendo en conta que o IGAPE será obxecto dunha fiscalización por parte da Área de Institucional deste Consello de Contas, para acadar os obxectivos anteriormente sinalados relativos á área de avais e préstamos da Conta Xeral tomaranse en consideración os resultados da referida fiscalización da entidade, que se desenvolverá de acordo coas previsións incluídas no Plan de Traballo do Consello de Contas para o exercicio 2013.

V.3. Informe de fiscalización da contratación realizada polos centros e entidades da Comunidade Autónoma suxeitos á Lei de contratos do Sector Público

Esta proposta de fiscalización da contratación foi incluída no programa de traballo para o ano 2012 ós efectos de analizar a xestión contractual, que canaliza un importante volume de gasto. Efectuouse unha análise global da contratación da Administración xeral e demais entidades do

sector público a partir da información dispoñible no rexistro de contratos, o que permitiu obter unha información básica sobre a actividade contractual desenvolvida polas distintas entidades que integran o sector público autonómico. Determinouse a importancia cuantitativa da actividade contractual das distintas entidades en atención á súa natureza xurídica e obtívose información a partir de determinados indicadores.

Para a realización de análises máis específicas establecéronse límites de carácter subxectivo circunscribindo os traballos a dúas consellerías –a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Consellería do Medio Rural– que, de acordo coa información do rexistro de contratos adjudicados no ano 2010, concentraron o 46% do importe adjudicado e o 42% do número de contratos adjudicados pola Administración xeral nese exercicio. Sobre a contratación destas consellerías realizouse unha análise da xestión contractual, para verificar o cumprimento da normativa pública en materia de contratación e a aplicación de criterios de racionalidade económica que garantan o uso eficiente dos recursos públicos e permitan a obtención de economías na xestión.

O obxectivo do programa de traballo para o exercicio 2013 é completar a análise sobre a contratación realizada polas consellerías integrantes da Administración xeral da Comunidade Autónoma abarcando todo tipo de contratos, incluídos os contratos menores. A fiscalización refírese ós contratos adjudicados ou que estean en execución no exercicio 2011. Non obstante, cando os obxectivos establecidos o requiran, estenderase indistintamente ós distintos exercicios anteriores dos que traian causa os expedientes analizados, ou a feitos acontecidos con posterioridade que tivesen causalidade no exercicio fiscalizado.

Para a realización dos traballos de fiscalización teranse en conta as recomendacións efectuadas polo Parlamento a través da Comisión Permanente non Lexislativa para as relacións co Consello de Contas do 23/03/2012. Nestas recomendacións, o Parlamento insta ó Consello de Contas a efectuar unha análise e un informe sobre os procedementos negociados sen publicidade utilizados pola Administración autonómica no seu funcionamento, pola especial incidencia en

aspectos relevantes como a transparencia e a igualdade de trato e de oportunidades para provedores e pequenas e medianas empresas. Tamén insta a este órgano de control a elaborar un informe sobre a incorporación de criterios sociais, ambientais e de xénero na contratación do sector público de Galicia.

A fiscalización incidirá na análise das seguintes cuestións:

- Avaliación do nivel de planificación no proceso xeral da contratación.
- Valoración da necesidade da contratación. Comprobación da precisa determinación das necesidades a cubrir coa contratación e da idoneidade do contrato para satisfacelas.
- Análise dos pregos de cláusulas administrativas particulares avaliando, entre outros, os seguintes aspectos: homoxeneidade dos criterios para cada tipo de contrato; vinculación dos criterios ó obxecto do contrato; incorporación de criterios de adxudicación de carácter social, ambiental e de xénero; establecemento de límites precisos ás melloras dos licitadores; e a fórmula utilizada para valorar os prezos.
- Xustificación do trámite urxente do expediente, valorando en que medida puido afectar á concorrencia de empresas.
- Comprobación da concorrencia de empresas, verificando o número de ofertas presentadas, número de ofertas excluídas ou non valoradas e as causas que motivaron as exclusións.
- Comprobación do número de empresas invitadas ós procedementos negociados sen publicidade, verificando se todas presentan oferta, se están relacionadas mercantilmente ou teñen capacidade para realizar o contrato.
- Verificación da existencia de fraccionamento na contratación a través de contratos menores ou de contratos adxudicados a través do procedemento negociado sen publicidade.
- Análise da legalidade da cesión de contratos e da subcontratación, verificando que os contratistas cumpren coas obrigas establecidas pola lei.

- Análise das modificacións contractuais, analizando a relación entre a baixa na adxudicación dos contratos e os posteriores modificados.
- Verificación do cumprimento da prestación no prazo establecido no contrato, comprobando se se liquidaron e cobraron penalidades por mora ou as indemnizacións por danos e prexuízos.
- Análise da legalidade das revisións de prezos.
- Verificación do prazo de recoñecemento das obrigas orzamentarias derivadas da realización dos contratos.
- Verificación da realización do pago ás empresas contratistas dentro do período legalmente previsto.

V.4. Informe de fiscalización dos fondos aplicados polos beneficiarios das axudas á formación de ocupados.

No programa de traballo para o ano 2011 incluíuse a revisión das distintas liñas de axudas relativas á formación profesional para o emprego e á información, orientación e busca de emprego que xestiona a Consellería de Traballo e Benestar a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

O ámbito da revisión abarcou tanto as axudas á formación profesional dirixida ás persoas traballadoras desempregadas (AFD) como os plans de formación dirixidos a persoas ocupadas.

Respecto destas últimas, de acordo co plan de traballo de 2011, realizouse na Subdirección de Formación e Colocación no ano 2012 unha análise de regularidade da concesión das axudas e un seguimento e control da actividade e do impacto daquelas en base á documentación dispoñible nos centros xestores.

O obxectivo é completar a análise xa realizada no campo das axudas á *formación de ocupados* con actuacións de comprobación sobre os distintos beneficiarios destas axudas que comprendan o exame da obtención, aplicación e xustificación dos fondos recibidos polos mesmos, aplicando

Plan anual de trabajo para 2013

in situ (dependencias dos beneficiarios) tódolos procedementos e probas de auditoría que se estimen necesarios co obxectivo de determinar os seguintes aspectos:

- A posible concorrencia de subvencións nos beneficiarios analizados en relación cos custos das accións formativas impartidas.
- Que os custos xustificadas están amparados na documentación adecuada, corresponden con conceptos imputables segundo a natureza da convocatoria e cumpren os límites establecidos na mesma.
- O grao de imputación de custos estruturais presentados polo beneficiarios en relación cos reais e o nivel de subcontratación presentado para a impartición da formación.
- A selección de alumnos, a acreditación da realización do curso e a asistencia por parte dos alumnos para os que se aproba a axuda.
- Os efectos nas empresas e nos traballadores en produtividade ou mellora das condicións sociolaborais.
- O diagnóstico das necesidades formativas e grao de planificación desta actividade polos beneficiarios.
- O seguimento e avaliación dos custos das diferentes accións formativas.

O ámbito obxectivo identifícase coas seguintes liñas de axudas do programa 323B "Mellora na cualificación no emprego":

- a) liña de axudas á programación de plans de formación sectoriais e intersectoriais dirixidos prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas.
- b) liña de axudas á programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

As entidades beneficiarias da primeira liña (plans de formación sectorial) son as organizacións empresariais e sindicais con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, as entidades creadas ó abeiro da negociación colectiva sectorial representativas no ámbito autonómico ou as

organizacións empresariais e sindicais que participan na negociación colectiva sectorial no ámbito autonómico, provincial ou estatal no caso de que só exista negociación colectiva de ámbito estatal, directamente ou a través das organizacións que a integran ou nas que se integran.

No segundo caso as entidades beneficiarias son as empresas e agrupacións de empresas e as corporacións de dereito público pertencentes ós sectores estratéxicos na situación sociolaboral de Galicia: téxtil, alimentación, madeira, construción, metal, agrario, pesqueiro e aqueles outros sectores que poidan xurdir como consecuencia da crise económica e que sirvan para paliar os seus efectos.

O ámbito subxectivo sería unha selección de beneficiarios realizada a partir da relación facilitada pola Consellería de Traballo que abarque os distintos tipos de entidades e empresas que percibiron axudas no exercicio 2011.

VI. INICIO DOS TRABALLOS DE FISCALIZACIÓN DA CONTA DA ADMINISTRACIÓN DE 2011

Segundo a lexislación vixente, a Conta Xeral formarase antes do 31 de agosto de cada ano e remitirase ó Consello de Contas no prazo máximo de dous meses desde a súa formación. Polo tanto, a rendición da Conta Xeral de 2012 dentro do exercicio 2013, e coa previsión de finalización do informe da Conta do exercicio 2011 dentro do primeiro semestre de 2013, permitirá iniciar nese ano os traballos de fiscalización da Conta Xeral da Administración de 2012.

2. ÁREA DO SERGAS

I. INTRODUCCIÓN

A fiscalización do Servizo Galego de Saúde e, en especial, da liquidación da súa Conta Xeral vén determinada baseándose no disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño. Este plan recolle as actuacións que a área ten previsto desenvolver durante o ano 2013.

O sistema sanitario constitúe un pilar básico na configuración do estado do benestar, absorbindo o gasto sanitario un importante e crecente volume de recursos, sometendo ao presuposto público a fortes tensións derivadas dun crecemento por enriba da riqueza e que formula retos importantes respecto ao seu sostenibilidade. A situación económica presenta un horizonte de dificultades para achegar recursos abondo a un sistema que precisa adecuar o seu crecemento.

Especial relevancia adquire o desenvolvemento de axeitadas políticas que melloren a calidade e eficiencia na produción de servizos, incidindo na xestión de recursos humanos, na xestión de compras, na avaliación de tecnoloxías sanitarias, na ordenación e racionalización da demanda e na intensificación no control do gasto en medicamentos.

Neste escenario faise imprescindible afondar na revisión dos instrumentos de transparencia e control que contribúan á mellora na xestión dos recursos, procurando a suficiencia, sostenibilidade, equidade e racionalidade do sistema sanitario público.

II. ÁMBITO

O ámbito da fiscalización da Área do SERGAS esténdese aos centros que conforman o Organismo Autónomo, e as entidades que, integradas no sector público autonómico, se atopan vinculadas ao sistema sanitario.

A estrutura organizativa do Servizo Galego de Saúde foi obxecto dunha modificación substancial como resultado da aprobación do Decreto 168/2010, do 7 de outubro que regula as estruturas de xestión integrada e que ten como finalidade a creación deste instrumento organizativo que asume con autonomía funcional e de forma integrada a xestión dos recursos, prestacións e programas de atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde. Este proceso de transición que afecta

aos servizos periféricos do organismo autónomo non viu alterada a estrutura por centros de xestión que a nivel orzamentario se reflectía en exercicios anteriores, e polo que a relación de centros que a continuación se presentan obedece a súa configuración no orzamento.

Centros de xestión de índole administrativa

5001.- Servizos Centrais

1597.- Dirección Provincial de A Coruña

2797.- Dirección Provincial de Lugo

3297.- Dirección Provincial de Ourense

3697.- Dirección Provincial de Pontevedra

Centros de xestión de índole asistencial

Centros de atención especializada

1501. - Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña

1505. - Área sanitaria de Ferrol (que integra atención primaria e especializada)

1571. - Complexo Hospitalario de Santiago

1515. - Hospital da Barbanza (Ribeira)

1516. - Hospital Virxe da Xunqueira (Cee)

2701. - Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo

2706. - Hospital Comarcal da Costa (Burela)

2707. - Hospital Comarcal de Monforte de Lemos

3201. - Complexo Hospitalario de Ourense

3204. - Hospital de Valdeorras (O Barco)

3215. - Hospital de Verín

3601. - Complexo Hospitalario Universitario de Vigo

3603. - Complexo Hospitalario de Pontevedra

3611. - Hospital do Salnés (Vilagarcía)

Centros de atención primaria (Xerencias de Atención Primaria - X.A.P.)

1507. - X.A.P. A Coruña

1509. - X.A.P. Santiago

2703. - X.A.P. Lugo

3206. - X.A.P. Ourense

3606. - X.A.P. Vigo

3612. - X.A.P. Pontevedra

Fundacións sanitarias, sociedades públicas e consorcios

Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía

Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

Fundación Centro de Transfusión de Galicia

Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

Consortio Oncolóxico de Galicia

III. PLAN DE ACTUACIÓN

Atendendo ao ámbito descrito, as actuacións fiscalizadoras que se prevé desenvolver durante o ano 2013, son as seguintes:

FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2011

As actuacións fiscalizadoras da Conta Xeral estrutúranse en torno a tres áreas de traballo: área de análise do sistema de saúde, área de análise económica- financeiro e área de xestión do Servizo Galego de Saúde.

ÁREA DE ANÁLISE DO SISTEMA DE SAÚDE

GASTO SANITARIO E FINANCIAMENTO

A súa evolución e crecemento suscita certa incerteza en canto á súa sostenibilidade financeira e compromete a estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma ao absorber unha terceira parte do seu presuposto. O enfoque da análise abórdase dende unha dobre perspectiva, orzamentaria e de gasto. A primeira refírese ao ámbito de decisión de que dispón a Comunidade Autónoma para a asignación de presupostos a sanidade e analiza a súa distribución entre os diferentes obxectivos estratéxicos, a segunda ten en conta a situación real dende a perspectiva da adecuación do gasto ás previsións. Así mesmo é obxecto do informe a análise do financiamento sanitario no marco do modelo de financiamento da CCAA no que se integra.

ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN

En canto ao modelo organizativo, configurado como un instrumento fundamental para a xestión do sistema sanitario, abordárase a súa análise con especial incidencia nas modificacións e innovacións que operan no exercicio, avaliando a súa adecuación. Serán obxecto de análise as directrices e estratexias de planificación definidas no sistema de saúde e os instrumentos de translación efectiva ás diferentes unidades nas que se estrutura a organización sanitaria galega.

ÁREA DE ANÁLISE ECONÓMICA-FINANCIERA

RENDICIÓN DE CONTAS

Verificarase o cumprimento da normativa orzamentaria aplicable en relación co contido, aprobación e rendición da conta anual do Servizo Galego de Saúde relativa ao exercicio 2011.

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

A fiscalización da Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde ten como obxectivo fundamental a análise da liquidación orzamentaria do exercicio, desenvolvéndose con similar formulación ao de anteriores fiscalizacións. Serán obxecto de análise os diferentes aspectos da execución do presuposto na súa dobre vertente de ingresos e gastos, co obxecto de determinar a situación económico-financiera do organismo. Desenvolveranse especialmente actuacións respecto das modificacións orzamentarias e obrigas pendentes de recoñecer.

ÁREA DE XESTIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Desenvolverase o exame de diferentes aspectos da xestión do organismo autónomo, con particular incidencia nas áreas de concertos, gasto farmacéutico, contratación e contratos programa coas fundacións e sociedades públicas. Nestes ámbitos abordarase unha avaliación de determinados aspectos que presentan especial incidencia ou que completan actuacións desenvolvidas en fiscalizacións anteriores. Procederase tamén ao exame da conta do patrimonio e da tesouraría.

AUDITORIA OPERATIVA SOBRE A ASISTENCIA SANITARIA PRESTADA CON MEDIOS ALLEOS CORRESPONDENTE A PRESTACIÓNS SANITARIAS COMPLEMENTARIAS

FUNDAMENTACIÓN

A actividade asistencial con medios alleos integra un amplo abanico de prestacións das que a máis característica está representada polos concertos con centros hospitalarios privados para procesos cirúrxicos e hospitalización que, completando a actividade asistencial dos centros públicos, adoptan diferentes modalidades que van dende concertos singulares cunha forte vinculación co sistema, alcanzando nalgún caso un carácter substitutorio para a prestación sectorizada da asistencia sanitaria especializada, a outros que suplen a insuficiencia de recursos e se xestionan mediante un réxime de derivacións. Fronte a estas prestacións, a actividade con medios alleos complétase cun conxunto heteroxéneo de servizos entre os que destacan a realización de probas mediante técnicas de diagnóstico por imaxe, o servizo domiciliario de terapias respiratorias a pacientes con insuficiencia respiratoria, o transporte sanitario programado, os programas de hemodiálise a pacientes con insuficiencia renal crónica ou os servizos de fisioterapia e rehabilitación.

Unha visión integral dos servizos concertados foi obxecto do plan de traballo para o exercicio 2009, tendo como antecedente no anterior exercicio a revisión do concerto co Hospital de POVISA. No programa de traballo para 2010 a actividade concertada con centros hospitalarios relativa a procedementos cirúrxicos tivo cumprida revisión no traballo de análise das listas de espera.

A fiscalización ten como ámbito de actuación este segundo grupo de prestacións complementarias que se integran dentro da actividade concertada, sendo o obxectivo da mesma avaliar a xestión realizada polo Servizo Galego de Saúde.

OBXECTIVOS

Os obxectivos perseguidos con esta actuación abarcan fundamentalmente os seguintes extremos:

- A análise da actividade desenvolvida e adecuación da xestión tanto desde a perspectiva da regularidade (cumprimento da normativa contractual) como da económica respecto da aplicación dos recursos. Neste senso farase un exame das condicións nas que se produce a prestación deste servizo e do nivel de cumprimento dos compromisos contractuais por parte do adxudicatario. A tal fin as actuacións a emprender incidirán fundamentalmente nos seguintes aspectos: fundamentación da súa provisión con medios alleos, exame do proceso de selección e adxudicación do servizo e cumprimento das estipulacións contractuais, verificación da facturación e da documentación soporte (partes de asistencia), a imputación orzamentaria, comprobación das revisións de prezos e da súa regularización.
- A revisión dos procedementos de control e a determinación do nivel de calidade das prestacións.
- A avaliación das prestacións en termos de eficacia, eficiencia e economía.
- Análise do gasto.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Esta previsto analizar de forma diferenciada e específica as principais prestacións desenvolvidas con medios alleos, en concreto serán obxecto dun particular tratamento os seguintes servizos concertados:

- Probas de diagnóstico por imaxe
- Terapia respiratoria domiciliaria
- Hemodiálises a pacientes con insuficiencia renal crónica

O ámbito da fiscalización esténdese ás distintas áreas do Servizo Galego de Saúde encargadas da xestión e control da actividade prestada con medios alleos.

ALCANCE

A fiscalización estará referida fundamentalmente a situación rexistrada no exercicio 2012 e ao momento das actuacións e exercicios anteriores no que sexa preciso.

FISCALIZACIÓN SELECTIVA DA FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTAMOLOXÍA (INGO)

CARACTERÍSTICAS DO ENTE

A Fundación Pública Instituto Galego de Oftamoloxía creouse mediante o Decreto 276/2001, do 27 de setembro, tratándose dunha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, adscrita á Consellería de Sanidade, suxeitando a súa actividade aos criterios de planificación que con carácter xeral determine o Servizo Galego de Saúde.

Segundo se dispón nos seus estatutos o obxecto da Fundación éa prestación de servizos especializados de consultaría, planificación, avaliación de prestación de servizos oftalmolóxicos de alta complexidade, docencia e investigación.

A título orientativo poderán constituír o seu obxecto as seguintes actividades:

1. Servizos especializados e integrais en prestacións oftalmolóxicas de alta complexidade.
2. A asesoría e consultaría no desenvolvemento de novas prestacións diagnósticas e/ou terapéuticas.
3. O deseño e implantación de sistemas de corrección ocular.
4. A docencia e investigación en prestacións oftalmolóxicas e tecnolóxicas afíns.
5. O control de calidade en prestacións oftalmolóxicas.
6. O desenvolvemento de actividades de investigación, docencia e prestación de servizos de todo tipo de planificación e avaliación na área de medicina molecular.

O seu carácter de fundación pública carrega as seguintes características:

- Os criterios de planificación e as prestacións sanitarias son fixados e concretados polo Servizo Galego de Saúde.
- A contratación ten que suxeitarse aos principios de publicidade e concorrência.

- O persoal está suxeito á lexislación laboral e o seu réxime de incompatibilidades é o xeral do persoal ao servizo das administracións públicas.
- O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, conforme o estipulado no artigo 118 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

OBXECTIVOS

Os obxectivos previstos para a realización desta auditoría son os seguintes:

- Verificar que as Contas Anuais presentáronse de acordo co plan de contabilidade e os principios contables que lle son de aplicación, que conteñen toda a información esixida e que os documentos que a integran son coherentes entre si.
- Determinar o grao de cumprimento das normas e disposicións respecto da formulación, aprobación e rendemento das contas.
- Análise do financiamento.
- Cumprimento da legalidade na área de persoal, analizando e verificando a contratación de acordo cos principios de publicidade, mérito e capacidade, que os importes percibidos e os incrementos salariais respectan a normativa, e a existencia de informes que no seu caso procedan.
- Verificar que os procedementos de contratación respectan os principios de publicidade e concorrencia así como a adecuación aos preceptos legais aplicables.
- Fiscalización da actividade.
- Comprobar o nivel de cumprimento dos obxectivos fixado e a adecuación da xestión aos principios de eficacia e eficiencia na execución das actuacións.
- Verificación do cumprimento do nivel de actividade fixado polo Servizo Galego de Saúde nas distintas áreas
- Preténdese efectuar unha análise das contas anuais abreviadas da Fundación, que inclúen o balance de situación abreviado a 31.12.2011, a conta de perdas e ganancias abreviada e a

Plan anual de trabajo para 2013

memoria abreviada correspondientes ao exercicio anual rematado na devandita data, e a información orzamentaria correspondente ao exercicio anual fiscalizado.

ALCANCE

O alcance da fiscalización refírese ao último exercicio rendido, no entanto, se os obxectivos desta fiscalización así o requiren, poderase estender aos exercicios inmediatamente anterior e posterior.

3. ÁREA INSTITUCIONAL

1. INTRODUCCIÓN

A Área Institucional ten como obxectivo o control externo das entidades dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma. Estes entes adoptan formas xurídicas diversas: organismos autónomos administrativos, organismos autónomos comerciais, axencias públicas, entes de dereito público suxeitos ao ordenamento xurídico privado, sociedades mercantís con participación pública maioritaria, fundacións públicas e consorcios. Estas entidades, as Universidades e as corporacións de dereito público (Cámaras de Comercio e Confrarías de Pescadores) constitúen o ámbito subxectivo de fiscalización pola Área Institucional do Consello de Contas, excluído o SERGAS e as fundacións sanitarias que son obxecto de control polo Área do SERGAS. Os entes dependentes presentan diferenzas en canto a normativa aplicable en materia orzamentaria, contable e de xestión. En calquera caso, a nota común que os une é o feito de estar controladas -e na meirande parte dos casos tamén financiadas maioritariamente - pola Administración da Xunta de Galicia.

Con carácter xeral, as razóns empregadas para xustificar a creación de entidades instrumentais é a maior eficiencia na prestación dos servizos públicos descentralizados. Porén, existen tamén críticas que sitúan na fuxida do dereito administrativo nos procesos de contratación, na maior discrecionalidade nas políticas de persoal e na elusión dos límites ao endebedamento público as razóns últimas do nacemento e proliferación das entidades dependentes. Por iso adquire especial valor a fiscalización deste ámbito do sector público co obxectivo de emitir unha opinión técnica sobre a verdadeira eficiencia conseguida nestes procesos de descentralización funcional e sobre a legalidade na xestión dos fondos públicos. Ademais, na actual situación de crise económica, unha das medidas adoptadas pola maior parte das administracións, entre elas a galega, ten sido a racionalización e simplificación do sector instrumental. Este proceso, aínda nunha fase inicial, suxire efectuar un seguimento dos planos aprobados e da súa aplicación efectiva comprobando o aforro ou custo das accións emprendidas, a legalidade dos procesos de reordenación, en particular en materia de persoal, e os obxectivos acadados coa reorganización.

2.- PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Durante o exercicio 2013 realizaranse os traballos seguintes:

- Informe sobre a actividade económica das Entidades Públicas Dependentes. Exercicio 2011
- Informe sobre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Exercicios 2011-2012
- Fiscalización selectiva das Fundacións Feirais do Sector Público Autonómico

2.1.- Informe sobre a Actividade económica das entidades públicas dependentes. Exercicio 2011

Este informe ten por obxecto analizar a actividade económico-financiera desenvolvida polas entidades dependentes no exercicio 2011. A súa estrutura e contido básico é o seguinte:

- I. Delimitación do sector público instrumental: Analizarase a composición deste sector a través das distintas fontes existentes e achegarase as principais características que o configuran. Incluirá unha cuantificación do peso das entidades dependentes no conxunto dos fondos públicos xestionados polo sector público autonómico. Comprobación da existencia de entidades dependentes non inventariadas.
- II. Avaliación e seguimento do plan de racionalización do sector público.
- III. Rendición de contas. Análise formal do cumprimento da obriga de rendición de contas ao Consello de Contas. Tamén se indicarán, no seu caso, as deficiencias na información contable rendida.
- IV. Control interno: Revisión dos sistemas de control establecidos sobre as entidades dependentes, en particular o control interno realizado pola Intervención Xeral.
- V. Xestión e transparencia. Comprenderá, dende unha perspectiva horizontal, unha revisión da información financeira e de xestión facilitada polas entidades instrumentais e a análise dos principais procedementos establecidos na xestión de persoal, contratos e subvencións.
- VI. Situación económica e orzamentaria. Ofrecerá unha visión global sobre a situación económica do sector público instrumental. Dende unha perspectiva consolidada,

incluírá, entre outros extremos, a capacidade ou necesidade de financiamento do sector no exercicio (déficit ou superávit), o grao de autofinanciamento (dependencia de fondos públicos), o endebedamento e a situación financeira a curto prazo e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2.2- Informe sobre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Exercicios 2011-2012

1. Introducción

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) é un ente de dereito público creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño.

O IGAPE creouse como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

A actividade do IGAPE como instrumento de desenvolvemento rexional e de apoio financeiro ao sector empresarial adquire unha gran relevancia na actual situación de crise económica na que as empresas padecen importantes restricións para acceder ao crédito. Por este motivo, considérase oportuno incluír a fiscalización desta entidade no plan de actuacións de 2013.

Non obstante, cómpre sinalar que esta entidade non permanece allea ao contexto de cambio propiciado pola Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico da Xunta de Galicia (LOFAXGA).

A disposición transitoria 3ª da dita lei establece que as normas de organización e funcionamento do IGAPE adecuaranse ao establecido para as Axencias Públicas Autonómicas. Actualmente está en tramitación o decreto polo que se aproban os estatutos da dita Axencia que, unha vez constituída, asumirá integramente as actividades que se veñen realizando polo IGAPE e producirase, en consecuencia, a extinción e a absorción deste ente por parte da mesma.

Esta circunstancia tense en conta na elaboración do presente plan e tomarase en consideración no desenvolvemento dos traballos, sen que afecte aos obxectivos que se pretenden coa fiscalización.

2. Obxectivos da fiscalización

- Comprobar que os sistemas e procedementos internos de xestión e control se desenvolven de conformidade coas normas, disposicións e directrices que lles son de aplicación e se realizan con criterios de eficacia, eficiencia e economía.
- Verificar que a contabilidade en xeral e as contas anuais, estados e demais informes de xestión expresan fielmente o resultado da dita xestión de acordo coas normas e principios contables xeralmente aceptados.
- Avaliar a situación financeira da entidade e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- Verificar o cumprimento da legalidade e o nivel de eficiencia acadado cos fondos empregados independentemente da modalidade ou tipo de axuda no que se materialice o apoio económico ás empresas.

3. Ámbito subxectivo

A fiscalización centrarase no IGAPE pero poderá estenderse ás sociedades e aos fondos de capital risco participados polo Instituto. A fiscalización alcanzará, no seu caso, o control dos beneficiarios de subvencións, préstamos e avais.

4. Ámbito obxectivo

O control abrangue as distintas liñas de actuación desenvolvidas polo Instituto. En particular, tendo en conta o incremento experimentado nos últimos anos e a súa transcendencia en termos de sostibilidade financeira, o control fará especial fincapé na actividade consistente na concesión de préstamos e avais.

5. Ámbito temporal

A fiscalización circunscríbese ás contas e a actividade desenvolvida polo IGAPE nos exercicios 2011 e 2012, sen prexuízo de estender a actuación a aqueles antecedentes e feitos posteriores que permitan a consecución dos obxectivos previstos.

2.3- Fiscalización selectiva das Fundacións Feirais do Sector Público Autonómico

1. Introducción e ámbito competencial

O artigo 1.1 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia sinala que o Consello de Contas, como órgano de fiscalización das contas e da xestión económica financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma.

Con anterioridade á aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico, as fundacións públicas estaban reguladas e definidas polo disposto na Lei 10/1996, do 5 de decembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia e, posteriormente, polo establecido na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

En ámbalas dúas disposicións considéranse Fundacións Públicas as constituídas maioritariamente ou na súa totalidade por achegas da Comunidade Autónoma, polos seus Organismos Autónomos ou Entidades do Sector Público, ou aquelas cuxos ingresos proveñan maioritariamente de subvencións con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma, sempre que, neste último caso, a Comunidade Autónoma forme parte dos seus órganos de Goberno ou Administración.

Actualmente, as fundacións do sector público autonómico figuran cualificadas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, como outras entidades públicas instrumentais e, a súa definición e regulamento veñen contempladas na Sección 3ª do Capítulo III (artigos 113 a 120) da mesma.

Neste contexto o artigo 113 sinala que, son fundacións do sector público autonómico aquelas nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- b) Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50 % por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

c) Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

Por outra parte, o artigo 115.2 sinala que, o protectorado destas fundacións será exercido polo departamento da Xunta de Galicia que exerza as competencias correspondentes aos fins da fundación.

E, en relación co réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control das fundacións do sector público autonómico sinalase no artigo 118 que é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste marco competencial e normativo o plan de actuacións do Consello de Contas do exercicio 2013 inclúe a realización dun informe de fiscalización específico sobre as fundacións do sector público autonómico de carácter feiral ou de congresos e exposicións.

Estas fundacións de promoción de actividades feirais e industriais, de congresos e exposicións teñen como obxectivos principais a promoción de actividades agropecuarias, agroindustriais, comerciais, sociais, culturais ou educativas e calquera outra que teña por obxecto o desenvolvemento dos citados sectores en Galicia; así como a busca e procura de mercados internacionais e centros de exposición e distribución para as empresas galegas, a organización e realización de feiras e exposicións e congresos e outras actividades que contribúan á elevación da calidade de vida e do nivel socioeconómico nos medios urbano e rural.

2. Ámbito subxectivo

O ámbito subxectivo da fiscalización proposta está formado polas seguintes fundacións:

- Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada
- Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo
- Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE)
- Fundación de Feiras e Exposicións para o Desenvolvemento de Galicia (FEXDEGA)
- Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI)

- Fundación Semana Verde de Galicia
- Fundación Instituto Feiral de Coruña (IFECO)

3. Ámbito temporal

O ámbito temporal da fiscalización proposta correspóndense cos exercicios 2011 e 2012, sen prexuízo da ampliación das actuacións a aqueles antecedentes ou feitos posteriores que permitan a consecución dos obxectivos previstos.

4. Obxectivos da fiscalización

A fiscalización proposta inclúe un dobre obxectivo xeral:

a) Por unha parte, a análise individualizada de cada unha das entidades que comprende a análise dos seguintes aspectos:

- Control formal da rendición das contas anuais, comprobando a súa adecuada formación e presentación.
- Análise das principais magnitudes económico-financeiras.
- Verificar si a actividade económico-financeira e a xestión dos fondos se axusta á normativa aplicable.
- Análise das distintas áreas de xestión e actividade, organización, planificación e control interno así como persoal e contratación.

b) Análise e avaliación conxunta da situación actual das entidades no marco das actuacións previstas no Plan de Racionalización do Sector Público Autonómico da Xunta de Galicia (Consello da Xunta do 26 de abril de 2012).

4. ÁREA DE COORDINACIÓN XERAL

I. COMPETENCIA E ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN.

De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 6/1985, o Consello de Contas de Galicia, como órgano de fiscalización das contas e da xestión económico-financeira e contable, exercerá a súa función en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma.

Pola súa parte, o artigo 2 do dito texto legal establece que ós efectos desta lei compoñen o Sector Público da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) *A Administración autonómica e os seus organismos autónomos.*
- b) *As entidades locais e os seus organismos autónomos, así como as empresas públicas dependentes das mesmas, no ámbito competencial das institucións de autogoberno.*
- c) *As empresas públicas, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes da Administración autonómica.*
- d) *As Corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.*

O artigo 4 determina que son funcións do Consello de Contas de Galicia.

- a) *Fiscaliza-la actividade económico-financeira do sector público de Galicia, velando para que se axuste ó ordenamento xurídico e ó principio de racionalidade, determinada por criterios de eficiencia e economía.*
- b) *Fiscaliza-las subvencións, os créditos e as axudas con cargo ós presupostos dos entes públicos galegos, así como os avais e exencións fiscais directas e persoais, concedidas por aqueles entes, xa sexan percibidas por persoas físicas ou xurídicas.*
- c) *Fiscaliza-los contratos celebrados pola Administración Autonómica e outros entes do sector público de Galicia nos casos en que se estableza así ou que o Consello de Contas o considere conveniente.*
- d) *Fiscaliza-la situación e as variacións do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entes públicos galegos.*

- e) *Fiscaliza-los créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as incorporacións, ampliacións, transferencias e demais modificacións dos créditos orzamentarios galegos.*
- f) *Emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financeira lle soliciten as institucións e os entes públicos galegos.*
- g) *Analiza-la utilización dos recursos dispoñibles atendendo ó menor custo na realización do gasto e formula-las propostas tendentes a mellora-los servizos prestados polo sector público de Galicia.*
- h) *Fiscaliza-lo grao de cumprimento dos obxectivos propostos nos diversos programas orzamentarios e nas memorias das subvencións, créditos, axudas e dos avais, e indicar, no seu caso as causas de incumprimento.*

Neste Plano de Traballo inclúese a fiscalización da contabilidade de ingresos e gastos do proceso electoral celebrado o día 21 de outubro de 2012, de eleccións ao Parlamento de Galicia, convocadas mediante o Decreto 174/2012, do 27 de agosto, (D.O.G. nº163, do 28 de agosto de 2012), de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

O artigo 47 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia, establece que o Consello de Contas de Galicia se pronunciará sobre a regularidade das contabilidades electorais dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que acadasen os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma ou que solicitasen adiantos con cargo aos mesmos.

Tendo en consideración todo o que antecede formúlanse as seguintes propostas de fiscalización:

II. PROPOSTAS DE FISCALIZACION

A Área de Coordinación Xeral do Consello levará a cabo durante o ano 2013 as seguintes actuacións de fiscalización:

II.1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2011.

II.2. Fiscalización dos Fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2011.

II.3 Fiscalización da contabilidade de ingresos e gastos do proceso electoral. Eleccións ao Parlamento de Galicia 2012.

II.1. Fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial. Exercicio 2011.

A fiscalización dos Fondos de Compensación Interterritorial (FCI) ven imposta por imperativo da Lei 22/2001 reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial, no seu artigo 10, onde se regula o control parlamentario dos mesmos.

No apartado 1 de dito artigo establécese que *“O control parlamentario dos proxectos financiados con cargo ós Fondos de Compensación Interterritorial e a valoración do seu impacto conxunto na corrección dos desequilibrios interterritoriais levarase a cargo polas Cortes Xerais, a través da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, polas Asembleas Lexislativas das respectivas Comunidades Autónomas e polas Asembleas das Cidades con Estatuto de Autonomía”*.

No apartado 2 xustifícase a actuación do Consello de Contas cando determina que *“Nembargantes, o Tribunal de Cuentas do Estado e, se é o caso, os Tribunais de Contas das Comunidades Autónomas, presentarán ante os Órganos Lexislativos citados no número 1 anterior, respectivamente, informe separado e suficiente de tódolos proxectos financiados con cargo ós Fondos de Compensación Interterritorial”*.

Cómpre ter en conta que segundo establece a Disposición Transitoria Primeira, os proxectos de investimento do Fondo de Compensación de exercicios anteriores ó exercicio 2003, que estiveran pendentes de execución á entrada en vigor da Lei 22/2001, rexeranse pola Lei 29/1990, do 26 de decembro, do Fondo de Compensación Interterritorial.

II.1.1 Obxectivo xeral

O control a realizar terá como obxectivo dar cumprimento ó mandato establecido no artigo 10.2 da Lei reguladora dos FCI, é dicir, presentar un informe separado e suficiente de tódolos proxectos financiados con cargo a estes Fondos.

Aínda que a Lei non establece o contido concreto do informe, o mesmo versará sobre o destino dos recursos dos Fondos e o estado de realización dos proxectos.

II.1.2 Obxectivos específicos

En particular, verificarase:

1. A avaliación do control interno da Administración da Xunta de Galicia no que respecta á coordinación, control e seguimento dos FCI.
2. A regularidade contable dos ingresos e créditos correspondentes ós proxectos financiados polos FCI, comprobando:
 - A correspondencia dos ingresos coas peticións de fondos realizadas á Administración do Estado.
 - A adecuada imputación contable ó período e concepto que lles corresponde.
 - A corrente de cobros y pagamentos producida durante o exercicio.
3. A regularidade legal das actuacións realizadas polos xestores dos FCI, en relación coa contratación administrativa, a natureza dos gastos realizados e a aplicación da contabilidade ós proxectos dos FCI.
4. A correspondencia cualitativa e cuantitativa dos proxectos entre a Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma.
5. O destino territorial dos créditos dos FCI.

Plan anual de trabajo para 2013

6. O grao de control que a Administración da Comunidade Autónoma mantén respecto da coordinación e seguimento dos FCI.
7. A regularidade contable dos créditos dos FCI xestionados pola Comunidade Autónoma durante o exercicio 2011.
8. A regularidade legal das actuacións realizadas polos xestores, en particular:
 - A natureza dos gastos realizados
 - Análise das modificacións dos proxectos
 - Aplicabilidade da contabilidade analítica ós proxectos, así como ás unidades físicas de realización daqueles.
9. O cumprimento do destino territorial dos créditos dos FCI en 2011 na Comunidade Autónoma.
10. A análise dos ingresos producidos na CAG provenientes dos FCI referidos ós diferentes anos de consignación de Fondos, tanto de exercicios pechados como de exercicio corrente, detallando as previsións iniciais, modificacións, previsións definitivas, dereitos recoñecidos netos, anulacións, recadación e dereitos recoñecidos pendentes de cobro.
11. A conciliación entre as cantidades dotadas no Presuposto Xeral do Estado de 2011 con cargo á Sección 33-FCI e Compensación Transitoria, e as que figuran como previsións iniciais no Presuposto de Ingresos da CAG, así como a correspondencia das dotacións dos proxectos de investimento no Anexo de Inversións e as dotacións de subvencións no Anexo de Transferencias, co Presuposto de Gastos da Comunidade Autónoma, verificando o equilibrio orzamentario.

Así mesmo,

12. Determinarase a execución por sectores de investimento, elaborando un Anexo da liquidación orzamentaria por sectores e programas.

13. Analizarase un axeitado número de proxectos coa finalidade de verificar que a documentación xustificativa da execución orzamentaria existe e é axeitada, e avaliar o grao de cumprimento da normativa sobre contratación administrativa.
14. Determinarase a execución dos proxectos, coas súas modificacións, o seu grao de execución (créditos definitivos/obrigas recoñecidas) e grao de cumprimento ou índice de pagamentos (obrigas recoñecidas/pagamentos realizados).
15. Determinaranse, o fluxo de tesourería dos Fondos, analizando a corrente de cobros e pagamentos materiais, así como as desviacións de financiamento afectado aos Fondos.

II.1.3 Alcance

A fiscalización realizarase sobre a Administración da Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos e entes públicos, que xestionen proxectos financiados con recursos procedentes dos FCI, é dicir, **unidades xestoras** encadradas nas seguintes Consellerías, segundo a estrutura orgánica vixente para a execución do orzamento do exercicio 2011:

04- Presidencia da Xunta

461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social

461B-Radiodifusión e TVG

571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento

-Consortio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar

313D-Accións para a protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero. (Só crédito incorporado)

05-Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

141A-Administración local

212A-Protección civil e seguridade da Comunidade Autónoma

06-Consellería de Facenda

612A-Planificación, orzamentación e coordinación económica

- Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC)

611A-Dirección e servizos xerais de facenda

07-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

512A-Ordenación e inspección do transporte. (Só crédito incorporado)

512B-Construción, conservación e explotación de estradas

521A-Urbanismo (só crédito incorporado)

541D-Control ambiental e xestión de residuos

541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade

-Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda. (Só crédito incorporado)

451C-Dirección e servizos xerais de vivenda e solo. (Só crédito incorporado)

531A-Promoción de solo para actividades económicas. (Só crédito incorporado)

-Augas de Galicia - Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH)

542A-Planificación e xestión hidrolóxica

08-Consellería de Economía e Industria

561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica

733B-Infraestruturas enerxéticas

741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial

751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia

-Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables

-Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

741A-Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial

09-Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

422A-Educación infantil, primaria e ESO

422C-Ensino universitario

422G-Ensinanzas especiais. (só crédito incorporado)

422M-Ensinanza secundaria e formación profesional

423A-Servizos e axudas complementarias das ensinanzas. (só crédito incorporado)

561B-Investigación universitaria. (só crédito incorporado)

571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento

10-Consellería de Sanidade

413A-Protección e promoción da saúde pública

-Servizo Galego de Saúde (Sergas)

411A-Dirección e servizos xerais de Sanidade

11-Consellería de Cultura e Turismo

432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais

432B-Fomento das actividades culturais

433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural

761A-Coordinación e promoción do turismo

-Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia

761A-Coordinación e promoción do turismo

12-Consellería de Traballo e Benestar

311A-Dirección e servizos xerais de promoción social. (só crédito incorporado)

312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia. (só crédito incorporado)

-Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB)

312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia.

13-Consellería do Medio Rural

541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural

551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural

551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal. (só crédito incorporado)

713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas (só crédito incorporado)

713B-Ordenación das producións forestais

14-Consellería do Mar

514A-Infraestruturas pesqueiras

723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura

-Portos de Galicia

513A-Construción, conservación e explotación portuaria

II.1.4 Procedementos

Os procedementos de control que se aplicarán durante a fiscalización son os seguintes:

1. Verificación da dotación inicial incluída para a Comunidade Autónoma, por unha banda nos Presupostos Xerais do Estado de 2011, e, por outro, nos Presupostos Xerais da

Comunidade Autónoma para o mesmo período, analizando se tiveron lugar modificacións que fixeran varia-la mencionada dotación inicial.

2. Análise das diferenzas existentes entre os proxectos iniciais que se incluíron na “Relación de proxectos que integran os FCI” para a Comunidade Autónoma, acordados no seo do Comité de Investimentos Públicos, e os previstos inicialmente nos Anexos de los Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, así como as variacións producidas entre os primeiros e os finalmente executados pola Comunidade Autónoma, examinando en detalle as modificacións cualitativas e cuantitativas que fixeron varia-los proxectos iniciais e verificando que se cumpriron os requisitos formais establecidos na Lei dos FCI.
3. Análise da relación individualizada dos proxectos financiados con recursos dos FCI, no Presuposto de 2011, co detalle do seu grado de execución ó remate do exercicio e a relación individualizada dos ingresos recibidos da Administración do Estado durante 2011, correspondentes aos FCI dotados no exercicio 2011 e exercicios anteriores (incluídas as entregas a conta).
4. Exame da fase contable de execución orzamentaria na que se atopaban os proxectos ó 31 de decembro de 2011.
5. Verificación da documentación xustificativa das peticións de fondos efectuadas pola Administración Autonómica á Dirección Xeral de Fondos Comunitarios e Financiamento Territorial do Ministerio de Hacienda, coa finalidade de percibi-las dotacións dos FCI que corresponden á Comunidade de Galicia, e análise da correspondente documentación soporte comprobando si se cumpre o disposto no artigo 7 da Lei reguladora dos FCI.
6. Verificación dos importes reembolsados pola Administración do Estado coa documentación soporte destes e a súa correcta contabilización por parte da Administración da Comunidade Autónoma.
7. Análise de exercicios pechados, tanto na vertente de gastos como de ingresos comprobando saldos pendentes a 1 de xaneiro de 2011 e súa evolución ó longo do exercicio.

8. Comprobación da inclusión de saldos contables correspondentes a operacións financiadas con FCI nos certificados emitidos polo órgano xestor, remitidos á Dirección Xeral de Planificación Económica da Consellería de Facenda e á súa vez ao Ministerio.
9. Coa finalidade de coordina-lo noso informe cos que realiza o Tribunal de Cuentas en relación cos FCI, a información orzamentaria, económica e financeira que se elaborará no transcurso da fiscalización, axustarase ós modelos que utiliza dito Tribunal, concretamente:
 - Liquidación orzamentaria dos créditos afectados polo Fondo por operacións realizadas durante o exercicio 2011.
 - Estado de resultas ou residuos dos fondos de exercicios pechados (obrigas a pagar).
 - Clasificación por sectores das obrigas recoñecidas durante o exercicio 2011.
 - Clasificación por sectores das obrigas recoñecidas de exercicios pechados.
 - Liquidación orzamentaria dos recursos afectos aos FCI.
 - Estado de resultas ou residuos dos Fondos de exercicios pechados (dereitos a cobrar).
 - Fluxo de cobros e pagamentos do exercicio.

II.2. Fiscalización dos fondos procedentes da Unión Europea. Exercicio 2011.

A fiscalización dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión e os Instrumentos Financeiros, sen prexuízo das competencias que ten atribuídas o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, levarase a cabo polo Consello de Contas, xa que os seus programas de gastos e os seus recursos constitúen unha parte cuantitativa e cualitativa moi relevante do mesmo.

En relación co artigo 4 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, o Regulamento de Réxime Interior aprobado polo Parlamento de Galicia mediante a Resolución de 25 de xuño de 1992, establece no seu artigo 2.3: *"Asemade o Consello de Contas practicará cantas accións fiscalizadoras lle sexan delegadas polos órganos de control externo da CEE, de conformidade coa lexislación que fora aplicable"*

Pola súa parte, o artigo 70 do Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, atribúe aos Estados membros a responsabilidade da xestión e o control dos programas operativos, en particular mediante as seguintes medidas:

“a) garantir que os sistemas de xestión e control dos programas operativos se establezan de conformidade cos artigos 58 ao 62 e funcionen eficazmente;

b) previr, detectar e corrixir as irregularidades e recuperar os importes indebidamente aboados, xunto cos xuros de demora, cando proceda. Comunicarán ditas irregularidades á Comisión, manténdoa informada dos progresos realizados na aplicación dos procedementos administrativos e xudiciais.

2. Cando non sexa posible recuperar os importes indebidamente aboados a un beneficiario, corresponderá ao Estado membro proceder ao seu reembolso ao presuposto xeral da Unión Europea, cando se demostre que as perdas producíronse por irregularidades ou negligencia pola súa parte.”

De xeito semellante, o artigo 9 do Regulamento nº 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, respecto da protección dos intereses financeiros da Comunidade e garantías da xestión dos fondos comunitarios, establece, como responsabilidade dos Estados membros que:

“a) adoptarán, no contexto da política agrícola común, todas as disposicións legais, regulamentarias e administrativas e calquera outra medida necesarias para garantir unha protección eficaz dos intereses financeiros da Comunidade e, en concreto, para:

i) cerciorarse da realidade e regularidade das operacións financiadas polo FEAGA e o FEADER,

ii) previr e tratar as irregularidades,

iii) recuperar os importes perdidos como consecuencia de irregularidades ou negligencias;

b) establecerán un sistema eficaz de xestión e control que inclúa a certificación das contas e unha declaración de fiabilidade baseada na sinatura do responsable do organismo pagador autorizado.”

Os Estados membros informarán á Comisión das medidas adoptadas ó efecto e, en particular, comunicarán á Comisión unha descrición dos sistemas de control e xestión establecidos para garantir unha aplicación eficaz das accións. Informarán periodicamente á Comisión do desenvolvemento das dilixencias administrativas e xudiciais.”

A Área de Coordinación Xeral ten encomendadas as actuacións de fiscalización en relación cos recursos procedentes dos Fondos Estruturais, Fondo de Cohesión, Iniciativas Comunitarias e Outros Fondos Europeos, dos cales corresponde á Comunidade Autónoma a súa xestión e posterior xustificación.

A finalidade do control de fondos europeos a desenvolver será a de proporcionar ao Parlamento de Galicia e ás demais partes interesadas unha opinión de fiscalización na que se exprese se os fondos da Unión Europea se utilizan respectando a lexislación comunitaria.

A fiscalización abranguerá unha dobre vertente:

- Fiabilidade das contas que reflicten os fondos comunitarios e
- Legalidade e regularidade das operacións subxacentes.

II.2.1 Alcance

A fiscalización abarcará a actividade económico-financeira desenvolvida polas distintas consellerías e organismos que conforman a Administración da Comunidade Autónoma, os programas de gasto e aos diversos capítulos de ingresos e gastos que se recollen nos orzamentos das consellerías e unidades administrativas das mesmas.

Así mesmo, a fiscalización estenderase ás actividades relacionadas coa extinción por cumprimento dos contratos, os programas de gasto das consellerías e unidades administrativas das mesmas que comprendan os proxectos dun determinado eixo e medida, así como aos capítulos aos que se imputan os gastos que se recollen nos orzamentos correspondentes ás unidades administrativas xestoras dos Fondos.

II.2.2 Obxectivos

a) Obxectivos da auditoría financeira.

Opínase sobre se as contas relativas á execución de fondos europeos presentan unha información completa e exacta das operacións desenvolvidas no exercicio, mediante a análise e comprobación dos datos contables, verificando:

- As obrigas recoñecidas en proxectos cofinanciados polos fondos europeos.
- Os pagamentos efectuados.
- As declaracións de gastos dirixidas á Unión Europea.
- Os importes percibidos da Unión Europea.

b) Obxectivos da fiscalización da legalidade e regularidade das operacións subxacentes.

Determinarase se os fondos comunitarios se obteñen e utilizan respectando as esixencias lexislativas e contractuais, e se o seu cálculo é correcto e exacto, verificando:

- Que as operacións contabilizadas se teñan levado a cabo efectivamente.
- Que os perceptores teñen dereito aos fondos recibidos, por cumpriren as condicións esixidas.
- Que os gastos e cantidades polos que se solicita o cofinanciamento son exactos e subvencionables.

c). Obxectivos da fiscalización da contratación administrativa.

A fiscalización terá como obxectivos os seguintes:

1. Comprobación material do investimento realizado, é dicir a súa realidade e destino.
2. Grao de axuste do orzamento inicialmente previsto ao realmente executado.
3. Grao de adecuación do tempo previsto para a realización do investimento ao necesario para súa execución.

II.2.3 Procedementos

a). Procedementos de auditoría financeira.

Para o desenvolvemento da auditoría financeira, seguirase o seguinte procedemento:

1. Partindo dos orzamentos da Comunidade Autónoma, nos que figura de forma desglosada o tipo de financiamento para cada proxecto e o seu importe (agás nos capítulos I e II), obter para cada fase de execución do gasto (fases O e P), a porcentaxe e o importe que corresponde a cada tipo de financiamento.

Plan anual de traballo para 2013

2. Obter do sistema contable e da Dirección Xeral do Tesouro o importe correspondente aos dereitos recoñecidos de cada un dos fondos europeos xestionados.
3. Obter do órgano encargado de elaborar as declaracións de gasto (D.X. Planificación e Fondos Comunitarios), información sobre as cantidades efectivamente declaradas á Comisión Europea.
4. Partindo das cantidades declaradas, e aplicando as porcentaxes de cofinanciamento, determinar as cantidades de fondos europeos certificadas á Comisión sobre as que, polo tanto, existe un dereito efectivo de cobramento.

b) Procedementos da auditoría de legalidade e regularidade das operacións subxacentes.

Para o desenvolvemento desta auditoría, seguirase o seguinte procedemento:

1. Examinar o funcionamento dos sistemas de xestión e control aplicados pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios, na súa condición de organismo intermedio. Mediante entrevistas e probas de cumprimento aplicarase un cuestionario, para obter evidencias de si o mesmo:

- Garante unha correcta aplicación e eficacia dos fondos.
- Asegura que existe correspondencia entre as certificacións de saldos e os gastos efectivamente realizados.
- Leva a cabo comprobacións ou revisións das certificacións emitidas.

2. Seleccionar un beneficiario final (órgano xestor) de fondos europeos, e realizar controis por mostraxe, das operacións relativas aos ingresos e gastos (probas de confirmación) para verificar:

- Que se realizan no prazo previsto.
- Que son conformes ás esixencias comunitarias.
- Que teñen sido efectivamente realizados.
- Que se corresponden cos obxectivos que figuran na solicitude de cofinanciamento.
- Que se cumpre a normativa comunitaria, especialmente as normas de competencia, contratación pública e protección medioambiental.

3. Analizar os informes anuais de actividade.

4. Examinar os traballos realizados por outros auditores, en especial os controis da Intervención xeral da Comunidade Autónoma, como órgano ao que lle corresponde realizar os controis previstos nos regulamentos comunitarios.

c) Procedementos da fiscalización da contratación administrativa

Efectuarase unha selección dos contratos que segundo a normativa foron obxecto de extinción como consecuencia do seu cumprimento, levándose a cabo as seguintes actuacións:

1º. Comprobación da materialidade e o destino dos investimentos, mediante a inspección física, verificando a realidade e uso do investimento obxecto de axuda comunitaria.

2º. Revisión do grao de adecuación do orzamento inicialmente previsto ao realmente executado. Da mostra seleccionada anteriormente se relacionará o orzamento real e o inicial para comprobar o seu grao de acomodación e, no caso que existiren desaxustes, os motivos que os causan.

3º. Exame do grao de adecuación do tempo previsto para a realización dos investimentos aos realmente executados. Respecto dos contratos incluídos na mostra tamén se comparará o tempo previsto co real, e no caso de existiren desviacións, determinar os motivos que os orixinan.

Finalmente realizarase un seguimento das recomendacións efectuadas en anteriores informes de fiscalización. Levarase a cabo mediante a elaboración dun informe que recolla a totalidade das recomendacións formuladas polo Consello de Contas nos últimos informes de fiscalización, recabando dos órganos xestores afectados a información relativa ao grao de implantación das mesmas, efectuando ao propio tempo comprobacións materiais da realidade da posta en práctica de ditas recomendacións.

II.3 Fiscalización da contabilidade de ingresos e gastos do proceso electoral. Eleccións ao Parlamento de Galicia 2012

Como se avanzou no apartado I. COMPETENCIA E AMBITO DA FISCALIZACIÓN, o Consello de Contas de Galicia levará a cabo a fiscalización da contabilidade de ingresos e gastos do proceso electoral celebrado o día 21 de outubro de 2012, de eleccións ao Parlamento de Galicia, convocadas mediante o Decreto 174/2012, do 27 de agosto, (D.O.G. nº163, do 28 de agosto de 2012), de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

II.3.1 Marco legal

A Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), establece a competencia de fiscalización do Tribunal de Cuentas sobre as contabilidades electorais das formacións políticas que concorren ás eleccións obrigándolles a presentar unha contabilidade detallada e documentada dos ingresos e gastos electorais.

A Lei 8/1985, do 19 de xuño, de Eleccións ao Parlamento de Galicia (LEPG) atribúe ao Consello de Contas de Galicia as facultades que a normativa electoral xeral outorga ao Tribunal de Cuentas.

Pola súa banda, o artigo 47 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, da LEPG, establece que o Consello de Contas de Galicia se pronunciará sobre a regularidade das contabilidades electorais dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que acadasen os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma ou que solicitasen adiantos con cargo aos mesmos.

Dito pronunciamento deberá ser realizado dentro dos sete meses seguintes á data de celebración das correspondentes eleccións.

II.3.2 Ámbito subxectivo

O artigo 46 da LEPG, establece que os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que acadasen os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma ou que solicitasen adiantos con cargo aos mesmos, presentarán ante o Consello de Contas unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais.

Os requisitos para a percepción de subvencións para dar cobertura aos gastos orixinados nas eleccións ao Parlamento de Galicia están regulados no artigo 44 da LEPG, de xeito que as subvencións se establecen en función dos escanos obtidos e dos votos obtidos por cada candidatura que obtivese escano, establecéndose as contías actualizadas a percibir por Orde da Consellería de Economía e Facenda, concretamente para este caso na Orde do 28 de agosto de 2012, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 21 de outubro de 2012 (D.O.G. nº 166, do 31 de agosto de 2012).

Segundo o disposto no Acordo do 5 de novembro de 2012 publicado no DOG número 212, do 7 de novembro de 2012, da Xunta Electoral de Galicia, polo que se fan públicos os resultados

xerais e por circunscrición electoral e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nas eleccións do 21 de outubro, as formacións políticas que teñen dereito a percibir subvencións son o Partido Popular (PP), o Partido dos Socialistas de Galicia (PsdeG-PSOE), a Coalición electoral Alternativa Galega de Esquerdas (Esquerda Unida-ANOVA) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG).

II.3.3 Obxectivos e alcance

O obxectivo xeral da fiscalización é formular un pronunciamento sobre a regularidade das contabilidades electorais dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións mediante a verificación do grao de cumprimento da legalidade, da representatividade da contabilidade electoral rendida e a xustificación documental na que se basean os correspondentes rexistros contables.

Para acadar o obxectivo xeral da fiscalización verificarase o cumprimento dos obxectivos específicos seguintes:

1. Comprobación de aspectos formais:

- Rexistrar e verificar a presentación da contabilidade electoral por todas as formacións obrigadas a rendela no prazo establecido no artigo 46.1 da LEPG, é dicir, no prazo de catro meses posterior á celebración das eleccións, que rematará o día 21 de febreiro de 2013.
- Verificar a presentación da contabilidade por parte dos Administradores electorais, de acordo co disposto no artigo 133.2 da LOREX.
- Verificar que se remite a totalidade da documentación contable e xustificativa debidamente dilixenciada, e comprobar a súa coherencia cos rexistros contables.

2. Comprobación dos recursos da campaña electoral

- Identificar con carácter xeral a procedencia de todos os recursos empregados polas formacións políticas para o financiamento do proceso electoral. Verificar o cumprimento do límite máximo das contribucións fixado na normativa reguladora, comprobando que na documentación soporte daquelas figuran os datos de identificación esixidos pola normativa electoral respecto das persoas físicas ou xurídicas que contribúan ao financiamento da campaña electoral.

- Verificar o cumprimento da prohibición de aportacións de fondos imposta pola normativa electoral, a entidades do sector público ou entidades con contrato en vigor con algunha administración pública, así como ás entidades ou persoas estranxeiras.
- Verificar o cumprimento da obriga establecida pola normativa electoral de ingresar todos os fondos destinados a sufragar gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, en contas aperturadas especificamente para as eleccións.

3. Comprobación dos gastos electorais

- Análise do rexistro contable e da realización efectiva dos gastos dende a data de convocatoria de eleccións ata a data de proclamación de electos, de acordo co disposto no artigo 130 da LOREX. Así mesmo, exame da natureza electoral dos gastos contraídos, verificando a aplicación dos criterios establecidos no citado precepto.
- Comprobación de que os gastos electorais se xustifican mediante facturas ou documentos de valor probatorio análogo admitidos pola lexislación mercantil ou fiscal.
- Análise da conformidade da xustificación do número de envíos persoais e directos de propaganda electoral.

4. Comprobacións dos límites de gastos electorais.

- Verificar para cada formación política o cumprimento do límite máximo de gastos electorais segundo o disposto no artigo 44 da LEPG, actualizado pola Orde do 28 de agosto de 2012 pola que se fixan as cantidades aplicables ás subvencións por gastos electorais correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 21 de outubro de 2012.
- Verificar o cumprimento das limitacións específicas de determinados gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas.

5. Cumprimento por terceiros das obrigas de comunicación previstas no artigo 133 da LOREX

- Verificar o cumprimento da obriga establecida pola normativa electoral ás entidades financeiras que concederan créditos ás forzas concorrentes, e ás empresas que facturaran por importe superior a 6.010,12 euros, de comunicar tales operacións ao Consello de Contas.

6. Tesourería de campaña electoral.

- Verificar o cumprimento do previsto na LEPG e na LOREX en relación:
 - Coa apertura de contas electorais nas entidades financeiras.
 - Coa realización de todos os ingresos de fondos e pagos de gastos electorais nas mesmas.
 - Coa non disposición dos saldos das contas electorais para pagar gastos electorais previamente contraídos unha vez transcorridos os noventa días seguintes ao da votación

5.- ÁREA DE CORPORACIÓNS LOCAIS

I. ASPECTOS LEGAIS DA FISCALIZACIÓN.

As funcións e actividades a realizar polo órgano fiscalizador da Comunidade Autónoma, veñen fixadas pola Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, que no seu artigo primeiro establece que o Consello de Contas como órgano de fiscalización das contas e da xestión económico financeira e contable, exercerá as súas funcións en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma, quedando definido o sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, ós efectos desta lei, no artigo 2 da mesma, da seguinte forma:

- A Administración autonómica e os seus organismos autónomos.
- As entidades locais e os seus organismos autónomos, así como as empresas públicas dependentes das mesmas, no ámbito competencial das institucións de autogoberno.
- As empresas públicas, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes da Administración autonómica.
- As Corporacións a que se refire o número 29 do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O artigo cuarto determina que son funcións do Consello de Contas:

- a) Fiscaliza-la actividade económico-financiera do sector público de Galicia, velando para que se axuste ao ordenamento xurídico e ó principio de racionalidade, determinada por criterios de eficiencia e economía.
- b) Fiscaliza-las subvencións, os créditos e as axudas con cargo ós presupostos dos entes públicos galegos, así como os avais e exencións fiscais directas e persoais, concedidas por aqueles entes, xa sexan percibidas por persoas físicas ou xurídicas.
- c) Fiscaliza-los contratos celebrados pola Administración Autonómica e outros entes do sector público de Galicia nos casos en que se estableza así ou que o Consello de Contas o considere conveniente.

- d) Fiscaliza-la situación e as variacións do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entes públicos galegos.
- e) Fiscaliza-los créditos extraordinarios e suplementos de créditos, así como as incorporacións, ampliacións, transferencias e demais modificacións dos créditos orzamentarios galegos.
- f) Emitir ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económico-financieira lle soliciten as institucións e os entes públicos galegos.
- g) Analiza-la utilización dos recursos dispoñibles atendendo ó menor custo na realización do gasto e formula-las propostas tendente a mellora-los servizos prestados polo sector público de Galicia.
- h) Fiscaliza-lo grao de cumprimento dos obxectivos propostos nos diversos programas orzamentarios e nas memorias das subvencións, créditos, axudas e dos avais, e indicar, no seu caso as causas de incumprimento.

O artigo vinte e cinco, apartado dous, determina que corresponde ao Consello de Contas formar e uni-la conta xeral das entidades locais, que debe ser recoñecida polo Parlamento.

Finalmente, o artigo segundo do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas de Galicia precisa que o Consello de Contas poderá actuar por delegación do Tribunal de Cuentas. Neste caso, axustará a súa actuación ós termos nos que se produza a devandita delegación, seguindo as normas e os procedementos que rexen para o dito Tribunal, sen prexuízo de que se apliquen as que lle son propias de forma subsidiaria. Así mesmo, o Consello de Contas practicará cantas actuacións fiscalizadoras lle sexan delegadas polos órganos de control externo da Comunidade Económica Europea, de conformidade coa lexislación que fose aplicable.

II. ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN.

O sector local na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo datos de 2011, últimos dispoñibles, está formado por:

- 4 Deputacións Provinciais.
- 315 Concellos.
- 24 Consorcios.

Plan anual de traballo para 2013

- 40 Mancomunidades.
- 9 Entidades Locais Menores.

Procederase á análise da rendición das contas das Corporacións Locais e demais organismos, entidades e empresas integrantes do Sector Público Local de Galicia, co obxectivo de verificar que a presentación das contas se realiza en tempo e forma, e que se cumpren as formalidades esixidas pola normativa aplicable. Os resultados deste análise darán lugar á formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas polas mesmas tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional, así como ao informe do Sector Público Local de Galicia.

Por outra parte, dada a amplitude actual do sector público local de Galicia e a variedade de fiscalizacións a realizar, así como a limitación de recursos dispoñibles para tal finalidade, corresponden ao Consello de Contas, de acordo coa iniciativa que lle concede a súa lei de creación establecer os entes que serán fiscalizados cada ano, así como o tipo de auditoría a realizar.

A tal fin realizaranse dous tipos de auditoría: auditorías de regularidade e auditorías sobre aspectos significativos das contas.

A) As auditorías de regularidade. A determinación das entidades a fiscalizar realizouse en función dun nivel de risco asociado a cada entidade, calculado tendo en consideración os seguintes factores:

- Número de contas non rendidas dende o exercicio 2006.
- Antigüidade das contas non rendidas, outorgándose maior puntuación ás contas non rendidas máis próximas ao exercicio actual.
- Fiscalizacións realizadas polo Consello de Contas á entidade en exercicios anteriores.

As situacións de igualdade de risco estimado, resólvense tendo en consideración a poboación da entidade.

De acordo cos criterios anteriores, no exercicio 2013 realizaranse auditorías de regularidade nos concellos de Viveiro (Lugo), Cangas (Pontevedra) e Moaña

(Pontevedra), que xa estaban previstas no plano de traballo do exercicio anterior e que por motivos de carga de traballo non foron realizadas. Acométense este ano, pero referidas ao exercicio 2011.

B) Auditorías sobre aspectos significativos das súas contas, que consistirá na revisión de determinadas áreas consideradas significativas, ben polo seu importe, nivel de risco de auditoría estimado ou calquera razón xustificada. Con arranxo a estes criterios, o ámbito destas fiscalizacións abarcará:

- Reparos de legalidade que conteñen as contas rendidas, e que foron formuladas polos órganos de control interno correspondentes.
- O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, límites de endebedamento ou dos prazos establecidos na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- A encomenda da xestión recadatoria dos tributos locais á deputación provincial correspondente.
- A estrutura do gasto de persoal contido nos orzamentos e estados financeiros das entidades locais, e a súa execución.

As tarefas que se programan neste Plano de Traballo darán lugar á documentación e memoria anual á que se refire a sección terceira da lei 6/1985, nos que se recollerá o resultado das actividades fiscalizadas e se proporán, no seu caso, as medidas a adoptar para mellorar a xestión económica financeira do sector público local de Galicia.

III. OBXECTIVOS E ALCANCE.

III.1. Conta Xeral das entidades locais. Exercicio 2011.

Consistirá na formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas polas mesmas tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional, e incluirá:

- Balance de situación.
- Conta de resultado económico patrimonial.

- A liquidación do orzamento de ingresos e gastos.
- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesourería.
- Indicadores.

III.2. Informe do Sector Público Local. Exercicio 2011.

Consistirá na análise da rendición das contas das Corporacións Locais e demais organismos, entidades e empresas integrantes do Sector Público Local de Galicia, e incluirá:

- Análise da aprobación definitiva da conta anual.
- Análise da rendición das contas das entidades locais, co obxectivo de verificar que a presentación das contas se realiza en tempo e forma, e que se cumpren as formalidades esixidas pola normativa aplicable.
- Formación da conta xeral das entidades locais, integrando as contas remitidas polas mesmas tomando como criterio de integración os ámbitos institucional e poboacional.
- Análise individualizado das contas das entidades locais.

Os informes individuais estarán dispoñibles a través do portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <https://www.rendiciondecontas.es/>

III.3. Fiscalización de regularidade.

Consistirá en comprobar que a actividade económico financeira levada a cabo polos xestores das entidades locais é conforme coa normativa reguladora.

A fiscalización de regularidade contable realizarase sobre as contas anuais ou os estados contables da entidade fiscalizada, e incluirá:

- Auditoría de legalidade: revisión do cumprimento da normativa aplicable nas áreas de orzamento, ingresos de dereito público, endebedamento e operacións financeiras, persoal, contratación de obras servizos e subministracións, e concesión de subvencións.

- Auditoría financeira: conformidade da Conta Xeral cos principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación. A Conta Xeral contén o balance de situación, a conta de resultado económico patrimonial, memoria e liquidación dos orzamentos da entidade.
- Análises financeiro da situación económica da entidade.

Ademais, no caso de entidades e organismos suxeitos ao Plan Xeral de Contabilidade cuxo orzamento de gastos teña carácter limitativo, o obxectivo da auditoría incluírá a comprobación de que a entidade cumpriu coas regras ou normas orzamentarias de limitación cuantitativa, cualitativa e temporal, así como as relativas as modificacións orzamentarias.

III.4. Fiscalización sobre aspectos significativos das contas.

Incorpórase ao plano de traballo do exercicio 2013 a realización das seguintes fiscalizacións, que afectan simultaneamente a un conxunto de entidades, e que terán por obxectivo:

III.4.1. Fiscalización de reparos e recoñecementos extraxudiciais de obrigas.

- Análise das fiscalizacións con reparos e dos recoñecementos extraxudiciais de créditos correspondentes ao exercicio 2011. A relación de concellos afectados así como as áreas significativas a revisar elaborárase unha vez analizada a información contida nas contas rendidas, aínda en trámite de recepción no Consello de Contas á hora de elaboración deste plano de traballo.

III.4.2. Avaliación do cumprimento da lei de morosidade nas operacións comerciais.

- Análise dos informes trimestrais que as entidades locais deben elaborar en cumprimento do artigo 4 da lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

III.4.3. Avaliación do cumprimento da lei de estabilidade orzamentaria.

- Análise dos informes de avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria que emiten as intervencións locais e se incorporan aos previstos na lei reguladora das facendas locais e referidos á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á liquidación.

III.4.4. Análise da xestión recadatoria nas deputacións provinciais de Lugo e Pontevedra.

- Análise da xestión recadatoria levada a cabo polas deputacións provinciais de Pontevedra e Lugo, incluíndo a xestión, inspección e recadación de tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, tanto do organismo provincial, como dos derivados por delegación polos concellos, tanto en período voluntario como en vía executiva.

III.4.5. Avaliación da estrutura do persoal no sector local de Galicia.

- Análise do número de efectivos e clases de persoal que presta os seus servizos no sector local de Galicia, diferenciando entre altos cargos ou asimilados, persoal eventual, funcionarios, interinos, persoal laboral fixo e temporal, e análise das retribucións básicas e complementarias asignadas aos altos cargos ou asimilados, persoal eventual e habilitados.

IV. PLAN DE TRABALLO

O traballo planificarase e realizarase, de acordo cos obxectivos descritos, co fin de obter evidencia suficiente e adecuada para poder emitir unha opinión ou conclusión sobre os aspectos detallados no artigo 4 da Lei 6/1985.

O traballo levarase a cabo conforme ós Principios e Normas de Auditoría do Sector Público elaboradas pola Comisión de Coordinación dos Órganos Públicos de Control Externo do Estado Español. En consecuencia, non se inclúe unha revisión detallada de tódalas transaccións, senón por mostraxe que se consideren necesarias en cada circunstancia, en función dos obxectivos perseguidos.

V. OUTRAS ACTIVIDADES.

Trala firma do Convenio subscrito entre Tribunal de Cuentas e Consello de Contas de Galicia, que tivo lugar o 27 de xuño de 2011, o proceso de rendición de contas por parte das entidades locais de Galicia é único e realízase a través da Plataforma de Rendición de Contas. De acordo co establecido no artigo 25.2 da Lei 6/1985, do Consello de Contas de Galicia, a Conta Xeral das Entidades Locais será rendida directamente ao Consello de Contas polo contadante responsable,

no modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución da Intervención Xeral da Administración do Estado do 28 de xullo de 2006.

Consecuentemente, o Consello de Contas procederá á verificación e supervisión do cumprimento por parte das entidades locais da obriga de rendición de contas, no soporte informático e o procedemento telemático establecido na Resolución do 26 de xullo de 2010 pola que se fai público o Acordo do Pleno do Tribunal de Contas do 20 de xullo de 2010, polo que se aproba a modificación da Instrución que regula estes extremos, e Resolución do Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia do 14 de xuño de 2007.

Esta labor de verificación e supervisión da lugar á catalogación das contas recibidas nas categorías de contas rendidas en prazo ou fora de prazo, documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida, e contas non remitidas.

O resultado desta catalogación e a estatística correspondente será obxecto de publicación na web, no portal de rendición de contas do Consello de Contas de Galicia, no enderezo electrónico <https://www.rendiciondecontas.es/>, para xeral coñecemento.